

PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA LOMLOE

Centro educativo

Código	Centro	Concello	Ano académico
36000326	CEIP Plurilingüe Montemogos	Bueu	2023/2024

Área/materia/ámbito

Ensinanza	Nome da área/materia/ámbito	Curso	Sesións semanais	Sesións anuais
Educación primaria	Relixión Católica	6º Pri.	1	35

Réxime
Réxime xeral-ordinario

Contido	Páxina
1. Introducción	3
2. Obxectivos e súa contribución ao desenvolvemento das competencias	3
3.1. Relación de unidades didácticas	4
3.2. Distribución currículo nas unidades didácticas	5
4.1. Concrecións metodolóxicas	13
4.2. Materiais e recursos didácticos	13
5.1. Procedemento para a avaliación inicial	14
5.2. Criterios de cualificación e recuperación	14
6. Medidas de atención á diversidade	15
7.1. Concreción dos elementos transversais	15
7.2. Actividades complementarias	17
8.1. Procedemento para avaliar o proceso do ensino e a práctica docente cos seus indicadores de logro	18
8.2. Procedemento de seguimento, avaliación e propostas de mellora	19
9. Outros apartados	20

1. Introducción

A Ensinanza da relixión na escola é un dereito dos pais, recoñecido pola Declaración Universal dos dereitos humanos, a Constitución española, o texto da Lei Orgánica 3/2020, de 29 de decembro pola que se modifica a Lei Orgánica 2/2006 do 03 de maio, de Educación, a Lei Orgánica 8/ 2013 do 09 de decembro para a Mellora da Calidade Educativa e a Resolución do 21 de xuño de 2022 pola que se publica o currículo de ensinanza da Relixión Católica de Educación Infantil e Educación Primaria (BOE 24 xuño 2022).

Segundo estas leis, traballárase para que o alumno chegue a conseguir un coñecemento obxectivo do feito relixioso en xeral, e da tradición cristiá en particular tendo en conta as características psicolóxicas, madurez intelectual, as etapas evolutivas pola que atravesese o alumno en cada un dos cursos, as finalidades educativas do centro e as súas directrices.

Esta programación vai dirixida ó alumnado do 6º curso de primaria dos que asisten á presente materia un total de 11 alumnos do CEIP de Montemogos, parroquia de Beluso, concello de Bueu, unha vila mariñeira con ampla tradición relixiosa onde se celebran especialmente as festividades da Virxe do Carme, San Martiño e a Asunción de María.

Son nenos con moita curiosidade aos que lles gusta moito a lectura, os traballos colaborativos e as TIC.

A Ensinanza da Relixión Católica contemplará o fenómeno relixioso nas súas dimensións cultural e histórica, humanizadora e ético-moral e impartirase nunha aula habilitada para tal fin, que conta con encerado dixital, ordenador e proxector.

Constará dunha sesión semanal de 50 minutos segundo horario do centro e como lingua vehicular empregaremos o galego.

2. Obxectivos e súa contribución ao desenvolvemento das competencias

Obxectivos	CCL	CP	STEM	CD	CPSAA	CC	CE	CCEC
OBX1 - Descubrir, identificar e expresar os elementos crave da dignidade e a identidade persoal en situacións vitais próximas, a través de biografías inspiradoras e relatos bíblicos de alcance antropolóxico, para ir conformando a propia identidade e as súas relacións con autonomía, responsabilidade e empatía.	1-3			1-4	1-2-5		2-3	3
OBX2 - Descubrir, recoñecer e estimar a dimensión socioemocional expresada na participación en diferentes estruturas de pertenza, desenvolvendo destrezas e actitudes sociais tendo en conta algúns principios xerais da ética cristiá, para a mellora da convivencia e a sustentabilidade do planeta.	2-5	3	5	3	3	1-2-4	1	
OBX3 - Identificar e interpretar as situacións que prexudican ou melloran a boa convivencia, analizándoas coas claves persoais e sociais da proposta cristiá, para fomentar o crecemento moral, a cooperación cos demais e o desenvolvemento de valores orientados ao ben común.	1-5		3	1	3	3-4	1	3
OBX4 - Comprender e admirar o patrimonio cultural nalgúnhas das súas expresións máis significativas, gozando da súa contemplación, analizando o universo simbólico e vital que transmiten, para valorar a propia identidade cultural, promover o diálogo intercultural e xerar creacións artísticas.	4	3		2-3		3		1-2-4

Obxectivos	CCL	CP	STEM	CD	CPSAA	CC	CE	CCEC
OBX5 - Explorar, desenvolver e apreciar a propia interioridade e experiencia espiritual, recoñecendo nas propias emocións, afectos, símbolos e crenzas, coñecendo a experiencia de personaxes relevantes da tradición xudeu cristián e doutras relixións, para favorecer o autocoñecemento persoal, entender as vivencias dos outros e promover o diálogo e o respecto entre as diferentes tradicións relixiosas.	1				1-3-5	3	2	1-3
OBX6 - Comprender os contidos básicos do cristianismo, valorando a súa contribución á sociedade, para dispoñer dunha síntese persoal que permita dialogar, desde a propia identidade social e cultural, con outras tradicións relixiosas e áreas de coñecemento.	2-3		4	1	4-5	1-4	3	1

Descrición:

3.1. Relación de unidades didácticas

UD	Título	Descrición	% Peso materia	Nº sesións	1º trim.	2º trim.	3º trim.
1	Creados para sermos felices.	O relato Bíblico da creación. A perfección de todo o que Deus creou. A importancia de colaborar no coidado da creación. Deus creounos libres: a liberdade mal usada (relato de Caín e Abel, historia de Xonás). Deus manifestase a través da súa obra creada.	17	6	X		
2	O ser humano e a súa relación con Deus.	O relato bíblico da creación do home e da muller: creados a imaxe e semellanza de Deus. A relación con Deus como motor de cambio: toma de boas decisións seguindo como exemplo a vida dos santos. As relixións monoteístas. Deus na literatura, música e arte.	17	6	X		
3	A revelación: Deus intervéñ na historia.	Israel, pobo elixido de Deus. Personaxes que tiveron contacto con Deus (Patriarcas, Moisés, David, Salomón). Os libros sapienciais. O templo como expresión da presenza de Deus entre as persoas.	17	6		X	
4	Xesucristo revélanos ao pai.	Xesús, o fillo de Deus, verdadeiro home e verdadeiro Deus. Xesucristo nos ensina a Deus coas súas palabras (parábolas) e as súas obras (milagres). Xesús desde o evanxeo de Xoán. Tentacións de Xesús. O fillo pródigo na arte.	17	6		X	

UD	Título	Descrición	% Peso materia	Nº sesións	1º trim.	2º trim.	3º trim.
5	Xesús envia aos discípulos para continuar co seu labor salvífico.	A misión de Xesús continúa na Igrexa: a Igrexa que nos amosa Xesús. A misión dos apóstolos: Pedro, pai da Igrexa. Textos dos evanxeos sobre o inicio da Igrexa. Accións de Xesús e accións da Igrexa. Os apóstolos na arte.	16	6			X
6	A presenza de Xesús na historia da Igrexa.	Os sacramentos da Igrexa. Esperanza dun novo mundo a través das promesas do Señor. Diferentes formas de encontrarse co Deus. A resurrección de Xesús. O paraíso na arte.	16	5			X

3.2. Distribución currículo nas unidades didácticas

UD	Título da UD	Duración
1	Creados para sermos felices.	6

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.3 - Promover actitudes que impulsen a mellora da convivencia e o coidado do planeta, coñecendo e aplicando algúns principios da ética cristiá, plasmando as súas conclusións en diferentes soportes.	Coñece e aplica algúns principios da ética cristiá para promover actitudes que impulsen a mellorada convivencia e o coidado do planeta.	PE	60
CA1.5 - Reflexionar sobre algúns principios xerais da ética cristiá, coñecendo a súa realización en biografías significativas e movementos sociais, descubrindo como poden ser postos en práctica nas nosas contornas sociais próximas e virtuais.	Razoa, na aula, cales son os principios fundamentais da ética cristiá, despois de ler biografías significativas e as repercusións en beneficio social, e como se poderían aplicar na nosa contorna.		
CA1.12 - Coñecer o Credo da fe cristiá, poñéndoo en diálogo con outras áreas de coñecemento científico e cultural e con outras relixións.	Explica, en poucas palabras, cales son as partes mais importantes que dan corpo ao Credo da Igrexa Católica.		
CA1.9 - Asumir o desenvolvemento da interioridade como un dos elementos fundamentais na construción do propio sistema de valores e crenzas, mediante a análise e a reflexión de textos bíblicos e doutras tradicións relixiosas.	Desde a análise e a reflexión de textos bíblicos fai unha valoración da dimensión espiritual e relixiosa en si mesmo/a e nos demais, sobre as experiencias relixiosas narradas.	TI	40
CA1.11 - Comprender as consecuencias éticas e morais, persoais e sociais, da mensaxe de Xesucristo para a construción do propio sistema de valores e crenzas e para a promoción do ben común.	Comprende a dimensión da mensaxe de Xesús e a repercusión positiva sobre o noso sistema de valores e crenzas, en prol dun mundo mais humano e igualitario.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
- Identidade persoal e relacións en diálogo coa mensaxe cristiá.

Contidos

- A dignidade humana, a igualdade e a diferenza entre as persoas.
- A responsabilidade persoal e social desde o punto de vista cristián.
- Situacións vitais que expoñen preguntas existenciais ou morais para a persoa.
- A influencia das accións individuais na transformación social á luz da ética cristiá.
- Cosmovisións, tradición cristiá e cultura.
- O Credo da Igrexa católica.
- Reflexión e análise sobre as experiencias relixiosas narradas en diversos relatos bíblicos ou recollidas en biografías significativas.
- Habitar o mundo plural e diverso para construír a casa común.
- O mandamento do amor como raíz da ética cristiá e compromiso co ben común.
- A visión cristiá da interdependencia, eco-dependencia e interrelación.
- Compromiso e transformación social na acción da Igrexa.
- A responsabilidade e o respecto no uso dos medios de comunicación e as redes sociais.
- Establecemento dun primeiro diálogo fe e ciencia, desde o respecto, a curiosidade e escóitaa.

UD	Título da UD	Duración
2	O ser humano e a súa relación con Deus.	6

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.8 - Recoñecer e apreciar, desde a propia identidade cultural, a pluralidade de tradicións e expresións presentes no contexto social, promovendo o respecto e o coñecemento mutuo que favorece o encontro e o diálogo intercultural.	Recoñece e explica con distintas imaxes, desde a súa identidade cultural, a variedade de tradicións e expresións na sociedade, desde o respecto que favorece o encontro e o diálogo intercultural.	PE	51
CA1.10 - Valorar a experiencia relixiosa como desenvolvemento persoal e social da dimensión espiritual, interpretando e respectando o relixioso na pluralidade de culturas e promovendo o diálogo interrelixioso.	Sente aprecio polo diálogo intercultural e interrelixioso para unha convivencia pacífica e democrática.		
CA1.12 - Coñecer o Credo da fe cristiá, poñéndoo en diálogo con outras áreas de coñecemento científico e cultural e con outras relixións.	Explica, en poucas palabras, cales son as partes mais importantes que dan corpo ao Credo da Igrexa Católica.		

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.1 - Identificar os principios e virtudes que promoven e respectan a dignidade de todas as persoas, reflexionando sobre experiencias persoais e de aula, desenvolvendo autonomía, xuízo crítico e responsabilidade.	Representa e sinala, desde o respecto á dignidade humana, a igualdade e a diferenza entre as persoas con xuízo crítico construtivo.	TI	49
CA1.9 - Asumir o desenvolvemento da interioridade como un dos elementos fundamentais na construción do propio sistema de valores e crenzas, mediante a análise e a reflexión de textos bíblicos e doutras tradicións relixiosas.	Desde a análise e a reflexión de textos bíblicos fai unha valoración da dimensión espiritual e relixiosa en si mesmo/a e nos demais, sobre as experiencias relixiosas narradas.		
CA1.11 - Comprender as consecuencias éticas e morais, persoais e sociais, da mensaxe de Xesucristo para a construción do propio sistema de valores e crenzas e para a promoción do ben común.	Comprende a dimensión da mensaxe de Xesús e a repercusión positiva sobre o noso sistema de valores e crenzas, en prol dun mundo mais humano e igualitario.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
- Identidade persoal e relacións en diálogo coa mensaxe cristiá. - A dignidade humana, a igualdade e a diferenza entre as persoas. - Os dereitos humanos en diálogo coa visión cristiá. - A responsabilidade persoal e social desde o punto de vista cristián. - Situacións vitais que expoñen preguntas existenciais ou morais para a persoa. - Cosmovisións, tradición cristiá e cultura. - Ritos, tradicións e festas de diversas relixións en torno ao nacemento, o matrimonio e a morte, explicitando a achega do cristianismo. - Obras de arte, composicións musicais, e construcións arquitectónicas representativas do cristianismo, comparadas coas doutras culturas e relixións. - Recoñecemento do papel das mulleres na Biblia e na historia da Igrexa. - Reflexión e análise sobre as experiencias relixiosas narradas en diversos relatos bíblicos ou recollidas en biografías significativas. - Habitar o mundo plural e diverso para construír a casa común. - O mandamento do amor como raíz da ética cristiá e compromiso co ben común. - A visión cristiá da interdependencia, eco-dependencia e interrelación. - Análise de situacións próximas de vulnerabilidade e deseño de propostas transformadoras aplicando os principios da ética cristiá. - Compromiso e transformación social na acción da Igrexa. - Aprecio do diálogo intercultural e interrelixioso para unha convivencia pacífica e democrática.

UD	Título da UD	Duración
3	A revelación: Deus intervén na historia.	6

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.5 - Reflexionar sobre algúns principios xerais da ética cristiá, coñecendo a súa realización en biografías significativas e movementos sociais, descubriendo como poden ser postos en práctica nas nosas contornas sociais próximas e virtuais.	Razoa, na aula, cales son os principios fundamentais da ética cristiá, despois de ler biografías significativas e as repercusións en beneficio social, e como se poderían aplicar na nosa contorna.	PE	40
CA1.7 - Comprender e valorar como o patrimonio relixioso cristián contribúe á construción da identidade das persoas e dos pobos, e inspira a expresión da propia vivencia persoal e social a través de diversas linguaxes.	Valora o patrimonio relixioso cristián coma un ben que contribuíu na construción da identidade de persoas e pobos.		
CA1.8 - Recoñecer e apreciar, desde a propia identidade cultural, a pluralidade de tradicións e expresións presentes no contexto social, promovendo o respecto e o coñecemento mutuo que favorece o encontro e o diálogo intercultural.	Recoñece e explica con distintas imaxes, desde a súa identidade cultural, a variedade de tradicións e expresións na sociedade, desde o respecto que favorece o encontro e o diálogo intercultural.	TI	60
CA1.9 - Asumir o desenvolvemento da interioridade como un dos elementos fundamentais na construción do propio sistema de valores e crenzas, mediante a análise e a reflexión de textos bíblicos e doutras tradicións relixiosas.	Desde a análise e a reflexión de textos bíblicos fai unha valoración da dimensión espiritual e relixiosa en si mesmo/a e nos demais, sobre as experiencias relixiosas narradas.		
CA1.10 - Valorar a experiencia relixiosa como desenvolvemento persoal e social da dimensión espiritual, interpretando e respectando o relixioso na pluralidade de culturas e promovendo o diálogo interrelixioso.	Sente aprecio polo diálogo intercultural e interrelixioso para unha convivencia pacífica e democrática.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
- Identidade persoal e relacións en diálogo coa mensaxe cristiá. - A dignidade humana, a igualdade e a diferenza entre as persoas. - Valoración da dimensión espiritual e relixiosa nun mesmo e nos demais. - Cosmovisións, tradición cristiá e cultura. - Obras de arte, composicións musicais, e construcións arquitectónicas representativas do cristianismo, comparadas coas doutras culturas e relixións. - Reflexión e análise sobre as experiencias relixiosas narradas en diversos relatos bíblicos ou recollidas en biografías significativas. - Habitar o mundo plural e diverso para construír a casa común. - O mandamento do amor como raíz da ética cristiá e compromiso co ben común. - A visión cristiá da interdependencia, eco-dependencia e interrelación.

Contidos

- Pensamento crítico e ético para a convivencia democrática.

UD	Título da UD	Duración
4	Xesucristo revélanos ao pai.	6

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.9 - Asumir o desenvolvemento da interioridade como un dos elementos fundamentais na construción do propio sistema de valores e crenzas, mediante a análise e a reflexión de textos bíblicos e doutras tradicións relixiosas.	Desde a análise e a reflexión de textos bíblicos fai unha valoración da dimensión espiritual e relixiosa en si mesmo/a e nos demais, sobre as experiencias relixiosas narradas.	PE	34
CA1.11 - Comprender as consecuencias éticas e morais, persoais e sociais, da mensaxe de Xesucristo para a construción do propio sistema de valores e crenzas e para a promoción do ben común.	Comprende a dimensión da mensaxe de Xesús e a repercusión positiva sobre o noso sistema de valores e crenzas, en prol dun mundo mais humano e igualitario.		
CA1.1 - Identificar os principios e virtudes que promoven e respectan a dignidade de todas as persoas, reflexionando sobre experiencias persoais e de aula, desenvolvendo autonomía, xuízo crítico e responsabilidade.	Representa e sinala, desde o respecto á dignidade humana, a igualdade e a diferenza entre as persoas con xuízo crítico construtivo.	TI	66
CA1.2 - Expresar con autonomía a través de diversas linguaxes comunicativas a identidade persoal recoñecendo, desde a visión cristiá, a singularidade de todas as persoas, desenvolvendo empatía e valorando a pluralidade.	Transmite a través de diversas linguaxes comunicativas, a identidade persoal, desde a visión cristiá, e valora a igualdade e pluralidade.		
CA1.4 - Participar en accións solidarias e de servizo á comunidade, recoñecendo aqueles grupos sociais máis vulnerables, tendo en conta como Xesucristo cambiou a súa realidade e as consecuencias que iso tivo para a historia da humanidade.	Participa con interese nunha actividade solidaria proposta na aula.		
CA1.12 - Coñecer o Credo da fe cristiá, poñéndoo en diálogo con outras áreas de coñecemento científico e cultural e con outras relixións.	Explica, en poucas palabras, cales son as partes mais importantes que dan corpo ao Credo da Igrexa Católica.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos

- Identidade persoal e relacións en diálogo coa mensaxe cristiá.
- A dignidade humana, a igualdade e a diferenza entre as persoas.
- Os dereitos humanos en diálogo coa visión cristiá.
- Situacións vitais que expoñen preguntas existenciais ou morais para a persoa.
- Cosmovisións, tradición cristiá e cultura.

Contidos

- Obras de arte, composicións musicais, e construcións arquitectónicas representativas do cristianismo, comparadas coas doutras culturas e relixións.
- A relación de Xesús co seu Pai e co Espírito: Divos Trindade.
- A preferencia de Xesucristo polas persoas marxinadas.
- O Credo da Igrexa católica.
- Reflexión e análise sobre as experiencias relixiosas narradas en diversos relatos bíblicos ou recollidas en biografías significativas.
- Habitar o mundo plural e diverso para construír a casa común.
- O mandamento do amor como raíz da ética cristiá e compromiso co ben común.
- Valores propios do Evanxeo: as benaventuranzas e o Reino de Deus.
- Análise de situacións próximas de vulnerabilidade e deseño de propostas transformadoras aplicando os principios da ética cristiá.
- Establecemento dun primeiro diálogo fe e ciencia, desde o respecto, a curiosidade e escóitaa.

UD	Título da UD	Duración
5	Xesús envia aos discípulos para continuar co seu labor salvífico.	6

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.5 - Reflexionar sobre algúns principios xerais da ética cristiá, coñecendo a súa realización en biografías significativas e movementos sociais, descubriendo como poden ser postos en práctica nas nosas contornas sociais próximas e virtuais.	Razoa, na aula, cales son os principios fundamentais da ética cristiá, despois de ler biografías significativas e as repercusións en beneficio social, e como se poderían aplicar na nosa contorna.	PE	40
CA1.8 - Recoñecer e apreciar, desde a propia identidade cultural, a pluralidade de tradicións e expresións presentes no contexto social, promovendo o respecto e o coñecemento mutuo que favorece o encontro e o diálogo intercultural.	Recoñece e explica con distintas imaxes, desde a súa identidade cultural, a variedade de tradicións e expresións na sociedade, desde o respecto que favorece o encontro e o diálogo intercultural.		
CA1.4 - Participar en accións solidarias e de servizo á comunidade, recoñecendo aqueles grupos sociais máis vulnerables, tendo en conta como Xesucristo cambiou a súa realidade e as consecuencias que iso tivo para a historia da humanidade.	Participa con interese nunha actividade solidaria proposta na aula.	TI	60
CA1.6 - Cooperar activamente na construción dunha convivencia pacífica e democrática recoñecendo, en iniciativas e proxectos eclesiais, aqueles valores morais que promoven o ben común.	Colabora na construción dunha convivencia pacífica e democrática promovendo o ben común.		
CA1.9 - Asumir o desenvolvemento da interioridade como un dos elementos fundamentais na construción do propio sistema de valores e crenzas, mediante a análise e a reflexión de textos bíblicos e doutras tradicións relixiosas.	Desde a análise e a reflexión de textos bíblicos fai unha valoración da dimensión espiritual e relixiosa en si mesmo/a e nos demais, sobre as experiencias relixiosas narradas.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
- Identidade persoal e relacións en diálogo coa mensaxe cristiá. - A dignidade humana, a igualdade e a diferenza entre as persoas. - Os dereitos humanos en diálogo coa visión cristiá. - A influencia das accións individuais na transformación social á luz da ética cristiá. - Valoración da dimensión espiritual e relixiosa nun mesmo e nos demais. - Cosmovisións, tradición cristiá e cultura. - Obras de arte, composicións musicais, e construcións arquitectónicas representativas do cristianismo, comparadas coas doutras culturas e relixións. - A preferencia de Xesucristo polas persoas marxinadas. - A vida cristiá e a celebración dos sacramentos. - María, modelo de crente. - Recoñecemento do papel das mulleres na Biblia e na historia da Igrexa. - Habitar o mundo plural e diverso para construír a casa común. - Valores propios do Evanxeo: as benaventuranzas e o Reino de Deus. - Compromiso e transformación social na acción da Igrexa. - A responsabilidade e o respecto no uso dos medios de comunicación e as redes sociais. - Aprecio do diálogo intercultural e interreligioso para unha convivencia pacífica e democrática.

UD	Título da UD	Duración
6	A presenza de Xesús na historia da Igrexa.	5

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.9 - Asumir o desenvolvemento da interioridade como un dos elementos fundamentais na construción do propio sistema de valores e crenzas, mediante a análise e a reflexión de textos bíblicos e doutras tradicións relixiosas.	Desde a análise e a reflexión de textos bíblicos fai unha valoración da dimensión espiritual e relixiosa en si mesmo/a e nos demais, sobre as experiencias relixiosas narradas.	PE	40
CA1.11 - Comprender as consecuencias éticas e morais, persoais e sociais, da mensaxe de Xesucristo para a construción do propio sistema de valores e crenzas e para a promoción do ben común.	Comprende a dimensión da mensaxe de Xesús e a repercusión positiva sobre o noso sistema de valores e crenzas, en prol dun mundo mais humano e igualitario.		

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.1 - Identificar os principios e virtudes que promoven e respectan a dignidade de todas as persoas, reflexionando sobre experiencias persoais e de aula, desenvolvendo autonomía, xuízo crítico e responsabilidade.	Representa e sinala, desde o respecto á dignidade humana, a igualdade e a diferenza entre as persoas con xuízo crítico construtivo.	TI	60
CA1.10 - Valorar a experiencia relixiosa como desenvolvemento persoal e social da dimensión espiritual, interpretando e respectando o relixioso na pluralidade de culturas e promovendo o diálogo interrelixioso.	Sente aprecio polo diálogo intercultural e interrelixioso para unha convivencia pacífica e democrática.		
CA1.12 - Coñecer o Credo da fe cristiá, poñéndoo en diálogo con outras áreas de coñecemento científico e cultural e con outras relixións.	Explica, en poucas palabras, cales son as partes máis importantes que dan corpo ao Credo da Igrexa Católica.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
- Identidade persoal e relacións en diálogo coa mensaxe cristiá. - A dignidade humana, a igualdade e a diferenza entre as persoas. - Situacións vitais que expoñen preguntas existenciais ou morais para a persoa. - Expresión, en diversas linguaxes da propia vivencia persoal, ao redor das festividades, tradicións e celebracións relixiosas. - Cosmovisións, tradición cristiá e cultura. - Ritos, tradicións e festas de diversas relixións en torno ao nacemento, o matrimonio e a morte, explicitando a achega do cristianismo. - Obras de arte, composicións musicais, e construcións arquitectónicas representativas do cristianismo, comparadas coas doutras culturas e relixións. - A relación de Xesús co seu Pai e co Espírito: Divos Trindade. - A paixón, morte e resurrección de Xesús e a celebración da Pascua na Igrexa. - O Credo da Igrexa católica. - A vida cristiá e a celebración dos sacramentos. - Habitar o mundo plural e diverso para construír a casa común. - O mandamento do amor como raíz da ética cristiá e compromiso co ben común. - Valores propios do Evanxeo: as benaventuranzas e o Reino de Deus. - A visión cristiá da interdependencia, eco-dependencia e interrelación. - Compromiso e transformación social na acción da Igrexa.

4.1. Concrecións metodolóxicas

Os plantexamentos metodolóxicos desta área fundaméntanse, globalmente, na atención personalizada ó alumnado, na diversidade de actividades, estratexias, recursos e outros métodos didácticos; no coidado do desenrolo emocional e cognitivo do alumnado respectando o seu ritmo evolutivo; no aprendizaxe individualizado e cooperativo; na relación dos aprendizaxes co entorno, nun enfoque competencial orientado á acción, o emprendemento e a aplicación dos saberes.

Será necesario ter en conta as condicións persoais, sociais e culturais de todos os nenos e nenas, para detectar necesidades específicas e propoñer accións de reforzo ou ampliación flexibilizando os procesos e garantindo a inclusión de todo o alumnado.

Promoverase o protagonismo do alumnado no seu propio proceso de aprendizaxe. Algúns dos pasos a seguir nas secuencias de aprendizaxe son:

- Partir da experiencia concreta do alumno e a alumna, e da súa realidade persoal, familiar, social e cultural.
- Identificar e formular con pensamento autónomo os interrogantes e cuestións que suscitan estas situacións.
- Buscar, analizar e contrastar as experiencias e interrogantes con fontes bíblicas, o patrimonio artístico e outras referencias eclesiais.
- Elaborar respostas persoais e sociais dende a liberdade individual con pleno respecto ás ideas dos demais, contrastadas cos principios éticos do cristianismo.
- Dialogar con outras visións do mundo, para a construción da convivencia e o ben común.
- Comunicar con asertividade e empatía as ideas e crenzas propias utilizando con creatividade diversas linguaxes.
- Aplicar este proceso formativo na construción da identidade persoal como preparación para o aprendizaxe para toda a vida.

A metodoloxía neste grupo será activa e participativa favorecendo o traballo individual e cooperativo, así como o logro dos obxectivos e das competencias correspondentes.

A clase será o lugar onde se produce o proceso de ensino e tamén o de aprendizaxe a través dunha metodoloxía cooperativa que permita ao alumnado sentirse activo, formar parte dun equipo e ter unha escola inclusiva, onde se favorezan medios conducentes a reducir as condutas disruptivas.

Potenciarase principalmente a boa relación entre os alumnos, a amizade e a tolerancia, a adquisición de aprendizaxes significativas e a educación en valores – principalmente relacionados co respecto cara á natureza, ás demais persoas e a un mesmo –, poñendo ós nenos en contacto con realidades que estimulen o seu crecemento e que constitúen os pilares básicos dunha sociedade cívica e democrática á luz do Evanxeo.

4.2. Materiais e recursos didácticos

Denominación
Ordenador de aula con conexión a internet.
Pizarra dixital.
Proxector.
Entorno EVA (Plataforma Edixgal)
Caderno de traballo.
Biblias ilustradas infantís.
Láminas específicas.
Xogos didácticos.
Fichas de traballo.

Material funxible e manipulable para a elaboración de murais e producións plásticas (diferentes tipos de papel, pinturas, etc).

Biblioteca de centro.

Os materiais e recursos educativos estarán relacionados cos obxectivos e contidos educativos establecidos, coas características do alumnado permitindo o acceso a todos os compoñentes do grupo e axustándose ao desenvolvemento da personalidade en cada un dos momentos significativos.

Os recursos e materiais empregados serán o mais variados e enriquecedores posible, dando sempre prioridade ao uso de recursos propios do seu entorno cotiá, e por tanto mais significativos para os nenos e nenas.

Contamos na aula con ordenador e pantalla dixital, polo que traballaremos co visionado de anacos de diferentes películas e vídeos e coa escoita de panxoliñas e outras cancións actuais para tratar temas relacionados cos valores estudados na materia.

Ademais empregaremos habitualmente láminas, cómics, mapas conceptuais, libros de texto, Biblias ilustradas infantís, instrumentos e materiais manipulables.

5.1. Procedemento para a avaliación inicial

Ao comezo do curso preciso partir dos coñecementos previos que ten o meu alumnado e válome da avaliación inicial para determinar o nivel de coñecementos previos e o grao de desenvolvemento das competencias básicas en cada neno/a.

A avaliación inicial ao principio de cada curso, fareina con actividades lúdicas moi sinxeliñas, en concreto, con xogos de mesa e con actividades on line na PDI. Como principal instrumento de avaliación empregarei a observación directa e non realizarei probas específicas.

Terá carácter informativo e será o referente para o desenvolvemento do currículo, así como para adoptar as medidas de apoio, reforzo en alumnado con necesidades de atención mais específicas, e de recuperación, que considere mais oportunas para cada alumno/a.

E, ao comezo de cada Unidade Didáctica, aproveitarei para facer unha proba inicial para valorar os coñecementos previos dos que partimos, mediante diálogo e a través de preguntas abertas, aproveitando algunha actividade de presentación divertida e motivadora.

5.2. Criterios de cualificación e recuperación

Pesos dos instrumentos de avaliación por UD:

Unidade didáctica	UD 1	UD 2	UD 3	UD 4	UD 5	UD 6	Total
Peso UD/ Tipo Ins.	17	17	17	17	16	16	100
Proba escrita	60	51	40	34	40	40	44
Táboa de indicadores	40	49	60	66	60	60	56

Criterios de cualificación:

A avaliación do proceso de aprendizaxe do alumnado será continua, formativa e integradora.

A avaliación continua: lévase a cabo día a día, tanto de maneira global, da marcha da clase como individualizada, mediante os instrumentos: observación das actitudes dos alumnos/as, habilidades e destrezas adquiridas, traballo de clase, seguimento do caderno, e algunha proba obxectiva. Servirá para ver se acadan obxectivos e competencias previstos e ademais para comprobar se se segue co tema ou hai que retomar aspectos que non quedan claros.

Os criterios de cualificación son os instrumentos que se utilizan para obter o resultado da cualificación do alumnado nunha determinada avaliación.

Estes instrumentos permitiránme recoller información relevante sobre os resultados de aprendizaxe e en base aos seguintes criterios de cualificación:

- a) Traballo do currículo.....40%
 b) Participa nas actividades da aula.....30%
 c) Remata as tarefas e fainas con limpeza.....20%
 d) Respecta as normas da clase.....10%

Cos resultados obtidos dos instrumentos que medimos na avaliación asignarase unha cualificación.

O método de avaliación será o de avaliación continua como xa comentei con anterioridade, onde o alumno/a se avalía constantemente. Desta avaliación xurdirán as diferentes cualificacións por trimestre e a final.

Os resultados da avaliación expresaranse nos termos de Insuficiente para as cualificacións negativas, Suficiente, Ben, Notable ou Sobresáinte para as cualificacións positivas. A estes termos achegaráselles unha cualificación numérica nunha escala de un a dez, coas seguintes correspondencias: Insuficiente: 1, 2, 3 ou 4. Suficiente: 5. Ben: 6. Notable: 7 ou 8. Sobresáinte: 9 ou 10.

Crterios de recuperación:

Ter conseguidos nun grado mínimo o 50% dos criterios de avaliación do nivel.

O alumnado que precise recuperar, recibirá os apoios necesarios para recuperar as aprendizaxes que non alcanzase con pautas que faciliten a recuperación e o progreso na aprendizaxe, con xogos mais manipulativos, actividades lúdicas na PDI, tablet, app da Biblia...con propostas sinxelas de reforzo...

Tras aplicar as medidas ordinarias suficientes, adecuadas e personalizadas para atender o desfasamento curricular ou as dificultades de aprendizaxe do alumno ou alumna, solicitaréi axuda ao equipo de orientación do centro e ao titor/a alumno/a para organizar un plan específico de reforzo para que, durante o resto do curso, poida alcanzar o grao de adquisición das competencias correspondentes.

6. Medidas de atención á diversidade

Seguiremos as directrices que marque o Plan de Atención á diversidade do centro, e traballaremos de acordo co diagnóstico psicopedagóxico en relación co Departamento de Orientación e en sintonía co profesorado de Pedagogía Terapéutica.

As medidas de atención á diversidade que se aplicarán neste nivel basearanse nas necesidades e particularidades propias de cada alumno/a e tendo en conta as características individuais.

Levarase a cabo un seguimento individualizado, non so dos resultados, senón de todo o proceso de adquisición das aprendizaxes comprobando que comprende as instrucións, as leva a cabo de xeito máis ou menos autónomo e o nivel de expectativas non supera en demasía a súa capacidade de evolución na aprendizaxe.

Potenciaremos actitudes de superación e a partir de reforzos positivos iremos tentando superar as dificultades coas que se atope. Tamén tentaremos dotalo de recursos ante o fracaso, o erro e a crítica.

As medidas a adoptar serán entre outras:

- Reforzo positivo e valoración do esforzo.
- Agrupamentos flexibles en función das tarefas propostas.
- Adecuación de actividades aos ritmos de traballo e á capacidade de aprendizaxe, flexibilizando no posible os tempos.
- Secuenciación de actividades.
- Reflexión persoal sobre o proceso da actividade e asunción de responsabilidades.
- Reflexión persoal sobre a propia conduta valorando as posibles consecuencias e comprometéndose a cambiala se é necesario.
- Emprego de xogos educativos e cooperativos.
- Uso de aplicacións informáticas adecuadas ó seu nivel.
- Actividades de recuperación, reforzo e/ou ampliación para acadar os obxectivos propostos.

7.1. Concreción dos elementos transversais

	UD 1	UD 2	UD 3	UD 4	UD 5	UD 6
ET.1 - Tolerancia, respecto e compañeirismo.	X	X	X	X	X	X

	UD 1	UD 2	UD 3	UD 4	UD 5	UD 6
ET.2 - Educación para a superación de desigualdades por razón de xénero.	X	X	X	X	X	X
ET.3 - Igualdade entre homes e mulleres.	X	X	X	X	X	X
ET.4 - Comunicación audiovisual. TIC e TAC.	X	X	X	X	X	X
ET.5 - Competencia dixital.	X	X	X	X	X	X
ET.6 - Educación para o respecto ao medio ambiente. Educación ambiental.	X	X	X	X	X	X
ET.7 - Fomento da creatividade.	X	X	X	X	X	X
ET.8 - Educación para a PAZ.	X	X	X	X	X	X
ET.9 - Comprensión da lectura.	X	X	X	X	X	X
ET.10 - Expresión oral e escrita, positivas.	X	X	X	X	X	X
ET.11 - Fomento do espírito científico.	X	X	X	X	X	X
ET.12 - Fomento do emprendemento.	X	X	X	X	X	X
ET.13 - Educación para o consumo responsable e o desenvolvemento sostible.	X	X	X	X	X	X
ET.14 - Educación para a saúde, incluída a afectivo-sexual.	X	X	X	X	X	X
ET.15 - Educación emocional e en valores.	X	X	X	X	X	X
ET.16 - Educación para o emprego responsable do tempo libre e o lecer.	X	X	X	X	X	X

Observacións:

A clase de Relixión Católica axuda ó alumnado a medrar na súa autonomía, capacidade de diálogo, desenvolvemento e construción persoal.

Para traballar interdisciplinarmente en todas e cada unha das unidades didácticas en beneficio dunha educación integral e sostible, no currículo LOMLOE destaco os seguintes ELEMENTOS TRANSVERSAIS que serán eixes vertebradores de todo o proceso de e-A:

Ø Educación para a superación de desigualdades por razón de xénero: Igualdade de dereitos e oportunidades entre ambos sexos.

Ø Igualdade mulleres e homes.

Ø Comunicación audiovisual e TIC: Formación para o aprendizaxe e a utilización das novas tecnoloxías da información e da comunicación.

Ø Competencia dixital.

Ø O fomento da creatividade no alumnado.

Ø Educación para o respecto ao medio ambiente. Educación ambiental.

Ø Educación moral e para a PAZ. Durante o curso traballaremos o control da respiración e os momentos de silencio.

Ø Comprensión da lectura. A comprensión lectora, que faremos de xeito cooperativo, porque o esforzo en equipo facilita máis éxitos individuais e favorece a igualdade de oportunidades.

Ø Expresión oral e escrita, positivas.

Ø Se fomentará o espírito científico e o emprendemento.

Ø Educación para o consumo responsable e o desenvolvemento sostible.

Ø Educación para a saúde, incluída a afectivo-sexual.

Ø Educación emocional e en valores.

Ø Educación para a utilización responsable do tempo libre e de lecer. Bo emprego do ocio e do tempo libre. Culturalidade.

A área de Relixión Católica é en si unha educación en valores, polo tanto tamén inclúo neste apartado, porque considero importantes traballar en todas as unidades, valores fundamentais coma:

O respecto e compañeirismo, amizade, o amor, a alegría, o perdón, as familias, compartir, axudar, a caridade, a tolerancia, a interculturalidade...

7.2. Actividades complementarias

Actividade	Descrición	1º trim.	2º trim.	3º trim.
Montaxe dun Belén.	Montaxe e exposición dun pequeno nacemento na aula ou corredores, como expresión cultural da fe cristiá.	X		
Xornada de solidariedade no Nadal: Campaña de Cáritas Bueu.	Colaboración dende o centro e a materia na campaña navideña de recollida de alimentos organizada por ¿Cáritas Bueu¿.	X		
Celebración do día da paz.	Xornada de convivencia de toda a escola para concienciar sobre o celebrado neste día: chocolatada pola paz e manifesto.		X	
Semana do libro.	Lecturas utilizando o libro ¿A Biblia didáctica¿.			X

Observacións:

A LOMLOE no artigo 5 bis, di:

“A educación non formal no marco dunha cultura da aprendizaxe ó longo da vida, comprenderá todas aquelas actividades, medios e ámbitos de educación que se desenvolven fóra da educación formal e que se dirixen a persoas de calquera idade con especial interese na infancia e a mocidade, que teñen valor educativo en si mesmos e foron organizados expresamente para satisfacer obxectivos educativos en diversos ámbitos da vida social tales como a capacitación persoal, promoción de valores comunitarios, animación sociocultural, participación social, mellora das condicións de vida, artística, tecnolóxica, lúdica ou deportiva, entre outros. Promoverase a articulación e complementariedade da educación formal e non formal co propósito de que esta contribúa a adquisición de competencias para un pleno desenvolvemento da personalidade”.

As actividades complementarias que propoño serán experiencias de aprendizaxe emocionalmente positivas e divertidas, e, aplicaranse nun ambiente de afecto e confianza, para potenciar a súa autoestima e integración social e o establecemento dun apego seguro.

8.1. Procedemento para avaliar o proceso do ensino e a practica docente cos seus indicadores de logro

Indicadores de logro
Adecuación da programación didáctica e da súa propia planificación ao longo do curso académico
Lévase a cabo a avaliación inicial ao principio de curso.
Proporcionáanse ao alumnado as rúbricas de avaliación para que saiban como e de que se lles vai a avaliar.
Metodoloxía empregada
Planifícanse situacións introdutorias previas ao tema.
Aprovéitase o interese do alumnado por un tema determinado para utilizalo como centro de interese.
Establécense relacións entre os contidos e actividades cos coñecementos previos.
Faise saber a finalidade, importancia e aplicación na vida real das aprendizaxes.
Facilítase información dos progresos e das dificultades atopadas.
Obsérvanse as actividades do alumnado.
Analízanse traballos realizados de xeito individual e en grupo.
Realízase rexistro da observación sistemática.
Lévanse a cabo entrevistas co alumnado.
Fanse probas orais.
Fanse probas escritas sobre pequenos bloques.
Organización xeral da aula e o aproveitamento dos recursos
Proponse un plan de traballo para cada unidade.
Proporcionáanse estratexias e ferramentas para que o alumnado descubra os contidos.
Tense en conta a existencia de tarefas doutras materias para planificar as propias.

Medidas de atención á diversidade
Establécense actividades de ampliación e/ou reforzo.
Tense en conta o nivel de habilidades do alumnado e, en función do mesmo, adáptase o proceso de ensino-aprendizaxe.
Clima de traballo na aula
Mantense o interese do alumnado.
Cando a motivación decae propóñense actividades divertidas e curiosas.
Coordinación co resto do equipo docente e coas familias ou as persoas titoras legais
Realízase unha coordinación ao inicio de curso entre o profesorado do grupos.
Establécense canles de coordinación e instrumentos de seguimento dos diferentes programas e plans implementados ao longo do curso.
O/a profesor/a é accesible ás familias.

Descrición:

Un dos obxectos de avaliación é a propia actividade, a súa planificación, o seu desenvolvemento e os resultados obtidos. O obxectivo é que a avaliación sexa parte da actividade cotiá da aula, como mecanismo de axuste tanto do aprendizaxe do alumno como do propio proceso de ensino e a práctica docente.

O procedemento usado para avaliar o proceso de ensino e a práctica docentes será a autoavaliación.

Valorarase os indicadores de logro redactados (Poucas veces, Frecuentemente, Case sempre, Sempre); especificando o que resultou tal como estaba programado acompañado de propostas de mellora. Esta avaliación realizarase ó final de curso.

8.2. Procedemento de seguimento, avaliación e propostas de mellora

A programación debe ser un documento en continua revisión, de xeito que no proceso da súa posta en práctica poidamos ir adaptándoa ás necesidades dos nosos alumnos e alumnas.

Os procedementos para avaliar, en función dos resultados académicos, a programación didáctica deste curso son de dous tipos:

Unha avaliación de progreso: Haberá que ir vendo o axuste de obxectivos, contidos, criterios de avaliación, etc. á realidade do alumnado, ás súas necesidades e características e á realidade das posibilidades educativas do Centro. Valorarase tal axuste nas avaliacións trimestrais e faranse cambios se os resultados foran alarmantemente negativos.

Unha avaliación final: Prestarase moita atención ao porcentaxe de alumnos, que na súa avaliación final, acadaron os estándares de aprendizaxe programados. Os erros detectados recolleranse na memoria final de curso para a elaboración da programación do próximo curso.

En caso de se detectar algún cambio significativo no desenvolvemento da programación que supoña ter que facer variacións importantes, informarase deles á xefatura de estudos, para comunicalos á inspección educativa.

O procedemento usado para avaliar a adecuación da programación será a autoavaliación.

Valorarase os aspectos redactados na táboa (Poucas veces, Frecuentemente, Case sempre, Sempre); especificando o que resultou tal como estaba programado acompañado de propostas de mellora. Esta avaliación realizarase ó final de curso.

Aspectos a avaliar:

- 1.-Adecuación da secuenciación e da temporalización das UD/proxectos.
- 2.-O desenvolvemento da programación respondeu á secuenciación e a temporalización previstas.
- 3.-Adecuación da secuenciación dos estándares para cada unha das UD ou proxectos.
- 4.-Adecuación do grao mínimo de consecución fixado para cada estándar.
- 5.-Asignación a cada estándar do peso correspondente na cualificación.
- 6.-Adecuación dos diferentes instrumentos empregados para a avaliación de cada estándar.
- 7.-Adecuación da metodoloxía.

- 8.-Adecuación da secuencia de traballo na aula.
- 9.-Adecuación dos materiais didácticos utilizados.
- 10.-Adecuación da proba de avaliación inicial, elaborada a partir dos estándares.
- 11.-Adecuación dos criterios establecidos para a recuperación.
- 12.-Adecuación das medidas específicas de atención ao alumnado con NEAE.
- 13.-Adecuación das actividades complementarias e extraescolares previstas.
- 14.-Adecuación dos mecanismos para informar ás familias.
- 15.-Lévase a cabo a revisión e actualízase a programación coas melloras introducidas durante o curso.

9. Outros apartados